


CORTE 1



LENDIA		
1	Calcarias con <i>Hildoceras</i>	<i>Hildoceras</i> (Xurásico): molusco cefalópodo
2	Calcarias con <i>Goniatites</i>	<i>Goniatites</i> (Carbonífero): molusco cefalópodo
3	Conglomerados con fósiles do xénero <i>Homo</i> .	<i>Homo</i> (Cuaternario)
4	Calcarias con <i>Nummulites</i>	<i>Nummulites</i> (Paleóxeno): macroforaminíferos

- Ordena, de máis antiga a máis moderna, as distintas unidades representadas no corte.
2 – 1 - 4 - 3
- Indica as discontinuidades que observas no corte e especifica de que tipo son, xustifica a túa resposta.
 - 4 sobre as 2 e 3 → Discordancia.
Debido a que se observa un cambio de orientación.
 - 3 sobre 4 → Desconformidade.
Hai evidencias de erosión.
- Cres que houbo algunha regresión ou transgresión mariña ao longo da historia nesta zona?
 - Transgresión despois da erosión de 2 e 1 e antes do depósito de 4.
Xa que a erosión de 2 e 1 tivo lugar en superficie pero 4 ten orixe mariño (como indican os seus fósiles).
 - Regresión despois do depósito da unidade 4 e antes do depósito da unidade 3.
Xa que a primeira é de orixe mariño (como indican os seus fósiles) e a segunda de orixe continental.
- Historia xeolóxica da zona.
A historia xeolóxica da zona comeza no Carbonífero, ca precipitación de CaCO_3 xunto con restos de *Goniatites* nun ambiente mariño; dando como resultado a unidade 2 (Calcarias con *Goniatites*).

Durante o Xurásico, nun ambiente similar precipita CaCO_3 xunto con restos de Hildoceras que resultará na unidade 1 (Calcarias con Hildoceras).

Posteriormente, durante unha fase compresiva ten lugar o pregamento ou basculamento dos materiais depositados. Debido a isto o terreo queda en superficie e é erosionado, nivelándose.

Transgresión mariña.

Nun medio mariño, durante o Paleóxeno, precipita CaCO_3 xunto con restos de Nummulites dando lugar á unidade 4 (Calcarias con Nummulites).


Regresión mariña.

Ao quedar en superficie o terreo sofre erosión.

Durante o cuaternario deposítanse gravas con restos de Homo, que tras diaxénese dan lugar á unidade 3 (Conglomerados con fósiles do xénero Homo).


Prosigue a erosión actual.

CORTE 2




- Ordena, de máis antiga a máis moderna, as distintas unidades representadas no corte.
D – C – E – B – A – F
- Indica as discontinuidades que observas no corte e especifica de que tipo son, xustifica a túa resposta.
 - B sobre E – C – D → Discordancia.
Debido a que se observa un cambio de orientación.
 - F sobre os materiais anteriores → Discordancia.
Debido a que se observa un cambio de orientación.
- Observa a unidade F. A que tipo de ambiente sedimentario pensas que pertence? Como se denomina á estrutura sedimentaria que se formou?
Ambiente fluvial, son as chamadas terrazas fluviais.
- Historia xeolóxica da zona.
A historia xeolóxica da zona comeza co depósito da serie sedimentaria D – C – E.
Durante unha fase compresiva prodúcese o pregamento destes materiais, dando lugar a un pregamento anticlinal, recto e asimétrico.
Debido aos esforzos tectónicos o terreo elévase e se nivela debido á erosión.
Posteriormente deposítase a serie B – A en discordancia cos materiais anteriores.
Durante un fase compresiva prodúcese un leve pregamento dos materiais.
O terreo erosionase e posteriormente instalase un río na zona que erosionará a zona.
Finalmente formaranse terrazas fluviais.
Prosigue a erosión actual.

CORTE 3



- Ordena, de máis antiga a máis moderna, as distintas unidades representadas no corte.
A – B – C – D – E – F – G – H – DIQUE – I – J
- Indica as discontinuidades que observas no corte e especifica de que tipo son, xustifica a túa resposta.
 - I sobre A – B – C – D – E – F – G – H → Discordancia.
Debido a que se observa un cambio de orientación.
 - I sobre DIQUE → Inconformidade.
Xa que os materiais teñen distinta orixe: I é de orixe sedimentario e o DIQUE de orixe magmático.
- Clasifica os tipos de pregamentos que observas no corte.
De esquerda a dereita:
 - Anticlinal, recto e simétrico.
 - Sinclinal, recto e simétrico.
 - Anticlinal, inclinado e asimétrico.
- Historia xeolóxica da zona.
A historia xeolóxica da zona comeza co depósito da serie sedimentaria A – B – C – D – E – F – G – H.
Durante unha fase compresiva prodúcense 3 pregamentos.
Durante unha fase distensiva intrúe un magma que ao arrefriar dará lugar a un dique. Nunha fase distensiva posterior prodúcese unha falla inversa q afecta a todas as unidades anteriormente citadas.
A consecuencia de todos estes esforzos tectónicos o terreo se eleva e nivélase debido á erosión.
A continuación prodúcese o depósito de I e J.
Durante unha fase compresiva prodúcese o basculamento ou pregamento de todos os materiais. O terreo se eleva e se erosiona.
Prosigue a erosión actual.

CORTE 4



LEENDA		
1	Morrenas	
2	Calcarias con <i>Nummulites</i>	<i>Nummulites</i> (Paleóxeno): macroforaminífero.
3	Dioritas	Rocha magmática plutónica
4	Calcarias con <i>Orbitolina</i>	<i>Orbitolina</i> (Cretácico): macroforaminífero.
5	Lousas con <i>Calamites</i>	<i>Calamites</i> (Carbonífero): fento arborescente
6	Corneanas	
7	Granitos	Rocha magmática plutónica

- Ordena, de máis antiga a máis moderna, as distintas unidades representadas no corte.
5 – 4 – 6 – 7 – 2 – 3 – 1
- Indica as discontinuidades que observas no corte e especifica de que tipo son, xustifica a túa resposta.
 - 4 sobre 5 → Discordancia.
Debido a que se observa un cambio de orientación.
 - 2 sobre 4 → Discordancia.
Debido a que se observa un cambio de orientación.
 - 2 sobre 6 → Inconformidade.
Xa que os materiais teñen distinta orixe: 2 é de orixe sedimentario e 6 é de orixe metamórfico.
- Cres que houbo algunha regresión ou transgresión mariña ao longo da historia nesta zona?
 - Transgresión despois da erosión de 5 e antes do depósito de 4.
Xa que a erosión de 5 tivo lugar en superficie pero 4 ten orixe mariño (como indican os seus fósiles).
 - Transgresión antes do depósito de 2.
Xa que a erosión de 4, 6 e 7 tivo lugar en superficie pero o depósito de 2 ocorreu nun medio mariño.
 - Regresión despois do depósito da unidade 2 e antes do depósito da unidade 1.
Xa que a primeira é de orixe mariño (como indican os seus fósiles) e a segunda de orixe continental.
- En que ambiente sedimentario tivo lugar o depósito da unidade 1?

Ambiente sedimentario glaciar.

e. Historia xeolóxica da zona.

A historia xeolóxica da zona comeza no Carbonífero, nun ambiente continental no que se depositaron arxilas con restos de Calamites.

Durante unha fase compresiva posterior prodúcese o pregamento dos materiais, que son metamorfizados, dando lugar á unidade 5 (Lousas con Calamites). Como consecuencia deste pregamento o terreo elévase, sendo erosionado e polo tanto nivelado.

Transgresión mariña.

Nun medio mariño, durante o Cretácico, ten lugar a precipitación de CaCO_3 con restos de Orbitolina que darán lugar á unidade 4 (Calcarias con Orbitolina).

Posteriormente, os materiais son pregados debido a unha fase compresiva, chegando ao punto de romperse na zona SW do corte. Así, formase unha falla inversa que afecta a todos os materiais depositado ata agora.

A continuación, durante unha fase distensiva, intrúe un magma que metamorfiza as rochas cas que entra en contacto, dando lugar á unidade 6 (Corneanas). O magma, tras arrefriar, forma un plutón (unidade 7 – Granito).

Como resultado de todos estes esforzos tectónicos o terreo queda en superficie, sendo erosionado.

Transgresión mariña.

Durante o Paleóxeno, nun medio mariño, ten lugar a precipitación de CaCO_3 xunto con restos de Nummulites que dará lugar á unidade 2 (Calcarias con Nummulites).

Durante unha fase distensiva intrúe un magma, que se acumula na unidade 2. Cando arrefría forma un lacólito de dioritas que conforma a unidade 3 (Dioritas).

Regresión mariña.

Xa no cuaternario, nun ambiente continental glaciar deposítanse sedimentos de diversos tamaños que conformarán as morrenas da unidade 1 (Morrenas).

Prosigue a erosión actual.